



## **BASES LEGAIS DA CAMPAÑA**

### **“XULLO SORPRESA”**

**Organiza:** Asociación de Comerciantes e Empresarios das Travesas (AETRAVI)

**Duración da campaña:** Do 1 ao 18 de xullo de 2025

### **1. OBXECTIVO DA CAMPAÑA**

A campaña “XULLO SORPRESA” ten como finalidade dinamizar o comercio local e incentivar o consumo nos establecementos asociados á AETRAVI durante o verán de 2025.

### **2. MECANISMO DE PARTICIPACIÓN**

2.1. Poderán participar todas aquelas persoas que realicen compras, por un importe **igual ou superior a 30 euros**, nun dos establecementos adheridos á campaña, entre o **1 e o 18 de xullo de 2025**.

2.2. Unha vez feita a compra, o cliente recibirá un **sobre sorpresa** que poderá conter:

A-Un **premio ofrecido por outro establecemento participante na campaña**, diferente ao establecemento da compra. O cliente deberá **desprazarse a ese comercio para recollelo**.

**\*\*\*Moi importante, o cliente deberá ademáis de ensinar o premio, tamén terá que ensinar o ticket de compra do establecemento que lle deu o sobre.**

**\*\*\*Soamente darase un sobre sorpresa por persona aínda que compre mais veces no mesmo establecemento**

B-Un **agasallo directo da Asociación**, que será entregado no momento da compra polo propio comercio.

2.3. Os premios serán **repartidos aleatoriamente** entre os sobres. En ningún caso poderán ser trocados por outros produtos, servizos ou o seu valor en metálico.

### **3. PREMIOS**

3.1. Os premios serán aportados polos comercios participantes ou pola Asociación.

3.2. Os premios dun comercio poderán tocar a clientes que merquen noutro distinto, co obxectivo de fomentar o coñecemento mutuo entre negocios da zona.

3.3. Todos os premios ou vales terán unha **data límite de recollida e utilización: ata o 31 de agosto de 2025.**

3.4. Unha vez pasada esta data, os premios caducarán e **perderán a súa validez**, sen dereito a reclamación.

#### **4. ANIMACIÓN E PROMOCIÓN NA RÚA**

Durante a **primeira semana da campaña (do 1 ao 6 de xullo)**, un equipo de animadores percorrerá as rúas comerciais da zona, repartindo tarxetas promocionais entre os transeúntes.

As persoas que reciban estas tarxetas poderán **trocaldas por un sobre sorpresa**, sempre que realicen unha compra mínima de 30 euros nun comercio adherido á campaña.

#### **5. RESTRICIÓN**

##### **5.1. Non poderán participar na campaña:**

Os propietarios, traballadores/as ou responsables dos establecementos adheridos.

Membros da Xunta Directiva ou persoal da Asociación AETRAVI.

5.2. Non se aceptarán participacións fraudulentas ou que non cumpran coas condicións establecidas nestas bases.

#### **6. SOSTIBILIDADE**

AETRAVI comprométese cunha campaña respectuosa co medio ambiente, e por iso entregará aos comercios participantes **bolsas de algodón reutilizables** para fomentar o consumo responsable.

#### **7. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación na campaña “XULLO SORPRESA” implica a **aceptación íntegra das presentes bases.**

A Asociación resérvase o dereito a modificar ou cancelar a campaña por causas xustificadas, comunicándoo publicamente.